

Mércores, 9 de xaneiro de 2019

Núm. 6

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### PROVINCIAL

#### DEPUTACIÓN PROVINCIAL

#### Persoal, oposicións

**RECTIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN PRESIDENCIAL DE DATA 21 DE DECEMBRO DE 2018, POLA QUE SE APROBA A CONVOCATORIA PARA CUBRIR INTERINAMENTE VARIAS PRAZAS VACANTES NO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO E NA RPT DE PERSOAL LABORAL FIXO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA**

O Deputado Delegado en materia de persoal, en virtude das competencias delegadas da Presidencia, dita a seguinte RESOLUCION:

Ó abeiro do disposto no artigo 109 da lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das AAPP, e en virtude das facultades que me confire o art.61.12 de Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, resolvo rectificar a Resolución Presidencial de data 21 de decembro de 2018, pola que se aproba a convocatoria para cubrir interinamente varias prazas vacantes no cadro de persoal funcionario e na RPT de persoal laboral fixo da Deputación de Pontevedra nos apartados que a continuación se detallan:

Con respecto ó sistema de selección establecido nos procesos de dúas prazas de administrativa ou administrativo, unha praza de técnica ou técnico fitopatólogo, unha praza de arquitecta ou arquitecto e tres postos de traballo de persoal laboral de auxiliar técnico de Gabinete Didáctico; no sentido que onde di (...): "Establecese o sistema de concurso oposición libre", debe dicir: "Establecese o sistema de oposición libre" (...)

Con respecto á titulación requirida na praza de técnica ou técnico de mantemento: no sentido que onde di (...): "Ademais das condicións sinaladas na base cuarta das xerais as persoas aspirantes deberán posuír os títulos de grao ou Enxeñería Industrial, Enxeñería Técnica Industrial, Enxeñería de Camiños, Enxeñería Técnica de Obras Públicas ou equivalentes o día en que remate o prazo de presentación de instancias.", debe dicir: "Ademais das condicións sinaladas na base cuarta das xerais as persoas aspirantes deberán posuír os títulos de grao ou Enxeñería Industrial, Enxeñería Técnica Industrial, Enxeñería de Camiños, Enxeñería Técnica de Obras Públicas, Arquitectura técnico, Grao en enxeñería civil ou equivalentes o día en que remate o prazo de presentación de instancias." (...).

Esta rectificación amplía o prazo de presentación de solicitudes, que se computará dende esta publicación no BOPPO, considerándose dentro de prazo as presentadas con anterioridade.

Pontevedra, 4 de xaneiro de 2019.

O Deputado Delegado

O Secretario

